

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN A

1. O teatro clásico grecolatino: características, xéneros, evolución histórica. (4 puntos).

1. El teatro clásico grecolatino: características, géneros, evolución histórica. (4 puntos).

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). É necesario introducir brevemente a obra dende o punto de vista histórico e literario. Inclúranse asemade aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Es necesario introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).

DELIO

(Ao público.) Desculpen. Desculpen... Xa, xa, as desculpas debín pedirllas a ela aquel día, pero... Que conste que llas acabei pedindo. Creo. Pedinllas, si. De todas formas nos xa nos entendemos e... sen problemas. O noso é un matrimonio... como outro calquera. Home, non digo que non teñamos as nosas agarradas, as cousas como son. Que as temos, e ás veces gordas. Como todo o mundo, non? A verdade é que eu son de xenio rápido e cando me salta o tarabelo... Pero sempre se dixo, “os amores *reñidos*, son os máis queridos”. E mira, mal que ben, xa levamos máis de vinte anos xuntos, que non o pode dicir calquera hoxe en día, que á primeira da cambio, xa... Vinte anos! O tango di que non é nada, pero, carallo! Hostia se son! Que non me queixo, eh. Nin ela ten de que queixarse, que nunca lle faltou de nada. De nada. Nin a ela, nin á nena. *(Pausa.)* Quen me había de dicir a min que a había de botar en falta... Á nena. Con ela, Rosa estaba centrada, tiña a cabeza onde hai que tela e... Foi despois cando todo comezou a torcerse. Pouco a pouco, pouco a pouco... En parte por culpa miña, teño que recoñecelo, pero é que... É curioso, aquela nena era un revoltallo, remexíao todo, púñao todo patas arriba, pero, o que son as cousas, agora teño a impresión de que mentres ela viviu todo estivo no seu sitio, e todo era... o que tiña que ser. Que non digo que fose unha marabilla, as cousas como son, que aquela nena daba máis lata que... mira, nunca mellor dito, que un fillo parvo. Desculpen, xa sei que non se debe falar así dunha filia, e máis se xa non está, pero... que carallo, as cousas polo seu nome, a nosa nena era... en fin, era... inocente. Era inocente. *(Breve pausa.)* Desculpen, non lles dou máis a lata. Total, de que vale que lles conte nada, se...? *(Fai un aceno de despedida e vaise cantariñando.)* “Rosiña, Rosiña, Rosa, non regues máis a roseira”.”

(Fragmento de *A piragua*, de Cándido Pazó).

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. O teatro galego: evolución histórica e transformacións estéticas.
1. El teatro gallego: evolución histórica y transformaciones estéticas.
2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). E necesario introducir brevemente a obra dende o punto de vista histórico e literario. Inclúranse asemade aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).
2. Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Es necesario introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).

ACTO 1. ESCENA 4

Entran Valentín e Viola vestida de home.

VALENTÍN :Se o duque continúa favorecéndovos, Cesario, seguro que ascendedes. Hai só tres días que vos coñece e xa non sodes un estraño.

VIOLA : Temedes o seu carácter ou a miña negligencia, pois dubidades da continuidade do seu afecto. ¿É inconstante nos seus favores?

VALENTÍN : Non, asegúrovolos.

VIOLA : Grazas. Velaí vén o duque.

Entran Orsino, Curio e acompañantes.

ORSINO : ¿Alguén viu a Cesario?

VIOLA : Aquí estou, monseñor, ó voso servizo.

ORSINO : Deixádenos sos un momento.

— Cesario, xa o sabes todo. Abrinche o libro secreto da miña alma. Agora, xentil efebo, vai xunto dela, que non che neguen a entrada; chántate na porta e declara que os teus pés botarán raíces ata que che concedan audiencia.

VIOLA : Seguro, meu nobre señor, que se, tal como din, está sumida na súa dor, non me recibe.

ORSINO : Alborota e traspasa os límites da urbanidade antes que volver sen nada.

VIOLA : Supoñendo que fale con ela, ¿que lle digo, monseñor?

ORSINO : Revélalle o meu apaixonado amor, asédlle falándolle da miña fonda devoción. Saberás representar o meu sufrimento. Mellor te escoitará a ti, por ser novo, que a embaixador de máis grave aspecto.

VIOLA : Non o creo, monseñor.

ORSINO : Podes estar seguro, meu querido doncel, pois sería negar os teus felices anos dicir que xa es un home. Os beizos de Diana non son máis dondos e vermellos. A túa suave voz, límpida e clara, é propia dunha doncela e todo en ti lembra unha muller. Sei que estás predestinado pola túa estrela para esta tarefa.

— Acompañádeo catro ou cinco de vos; ou todos, se queredes, pois estou mellor sen compañía.

— Acada o éxito e vivirás tan libre como o teu amo e a súa fortuna será a túa.

VIOLA : Hei facer canto poida para cortexar a vosa dama.

(*Á parte*) ¡Tarefa penosa! Namorar a outra, querendo ser a súa esposa.

Saen.

(Fragmento de *Noite de Reis*, de William Shakespeare).

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN A

1. O circo como espectáculo escénico: características, evolución histórica (4 puntos).

1. *El circo como espectáculo escénico: características, evolución histórica (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). E necesario introducir brevemente a obra dende o punto de vista histórico e literario. Inclúranse asemade aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Es necesario introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“10

Na mesma rúa. Un ano e medio atrás. ROSA, que leva un carriño da compra, cruza con GUZMÁN. As bolsas da compra atrapállanlle un pouco o camiño.

ROSA: *(Polas bolsas.) Son túas?*

GUZMÁN: Ai, si, desculpa.

ROSA: Non estorban

GUZMÁN: *(Ao público.)* Non lembro se ese día tivera tamén un... arrouto consumista, como di Lucía.

Poñamos que si. Xa que están aquí as bolsas...

ROSA: Así que de compras?

GUZMÁN: *Pois... (Vai recollendo as bolsas.)*

ROSA: Que raro, non?

GUZMÁN: Por que?

ROSA: Non sei... fáiseme raro. *(Pausiña.)* Pois eu, xa ves... á compra. Non é o mesmo, claro...

GUZMÁN: O que?

ROSA: Ir á compra que ir de compras. Eu non vou moito. De compras. Total, nada me senta ben.

GUZMÁN: *(Ao público.)* Esa frase sóame. *(A ROSA.)* Bueno, muller, que parvada, sempre haberá...

ROSA: ... un roto para un descosido.

GUZMÁN: Non, carai...

ROSA: *Bueno*, voume que é tardísimo. *(Virándose.)* Ah, daquilo nada...

GUZMÁN: Daquilo, do que?

ROSA: Do que che falei o outro día. Do de ocuparme eu da limpeza da escaleira. Estíveno pensando mellor e... non creo que sexa unha boa idea.

GUZMÁN: Xa. A verdade é que a min tampouco mo parecía. Alguén do edificio, non sei...

ROSA: Ala, como Delio...

GUZMÁN: Como Delio, que?

ROSA: Non, nada. Que iso, que non é boa idea...

GUZMÁN: *Bueno*, muller, se aínda acordas non tes máis que dicirmo e...

ROSA: Non, non, xa non... É igual. *(Mira o reloxo.)* Teño que irme. Fáiseme tarde, quero traerlle algo de peixe fresco a Delio. A ver se mo come, que dun tempo a esta parte...

GUZMÁN: É que Delio todo o que teña que ver coa navegación...

ROSA: Ah, pois non creas, antes Delio era moi peixeiro. Moi peixeiro, moi peixeiro. Pero ultimamente colleulle o gusto á carne e... *(En vista de que GUZMÁN medio rompeu a rir.)* De que te ris?

GUZMÁN: De nada, muller, que antes era moi peixeiro, e agora, como lle colleu o gusto á carne, é...

ROSA: É...? Que é?

GUZMÁN: É... É igual, voume. Até logo.

ROSA: *(Ao público.)* Non entendo nada.”

(Fragmento de *A piragua*, de Candido Pazó)

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. O teatro galego dende a Transición democrática ata hoxe. (4 puntos).

1. *El teatro gallego desde la Transición democrática hasta la actualidad. (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). E necesario introducir brevemente a obra dende o punto de vista histórico e literario. Incluiránse asemade aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Es necesario introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“ACTO IV. ESCENA 3

Entra Sebastián.

SEBASTIÁN

Isto é aire, alí está o sol radiante. Esta xoia deuma ela, tócoa, véxoa, e aínda que me embriaga o asombro, isto non é loucura. ¿Onde está Antonio? Non o atopei no “Elefante”, aínda que alí me dixeron que estivera e que por toda a cidade me buscaba. Agora o seu consello valería ouro, pois aínda que o corazón e os sentidos concordan en que hai algún erro, mais non loucura, este accidente e golpe de fortuna tanto sobrepasa precedentes e razoamentos que estou disposto a desafiar os meus ollos e discutir coa miña razón que me fai crer calquera cousa agás que estou tolo, ou que a dama está tola; mais se así fose, non podería gobernar a súa casa, mandar nos criados, levar e resolver os asuntos co tacto, discreción e mesura con que a vin facelo. Pero aí vén a dama.

Entra Olivia cun sacerdote.

OLIVIA

Non censures esta présa. Se as túas intencións son honradas, acompañame con este santo home á capela. Alí, perante el e baixo teito consagrado, fai firme promesa de matrimonio para que a miña alma, celosa e inqueda, acougue. El gardará o segredo ata que queiras que se saiba e nese momento celebraremos a unión de acordo co meu rango. ¿Que respondes?

SEBASTIÁN

A vós e a este santo home seguirei e, feita a promesa, mantereime fiel,

OLIVIA

Levádenos, padre. Que o ceo bendiga con sol resplandecente esta acción miña.

Saen.”

Fragmento de *Noite de Reis*, de William Shakespeare.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A proba busca compaxinar os aspectos teóricos e historiográficos coa redacción dun exercicio práctico, xa que non se trataba dun comentario de texto convencional, senón de que os alumnos amosaran a súa capacidade para explicar as decisións de posta en escena, de cara a unha hipotética montaxe do fragmento proposto. Trátase de aproximar a proba o máximo posible á orientación eminentemente práctica e creativa da materia. A puntuación máxima será de 4 puntos para a primeira proba e de 6 para a segunda, en función da súa diferente complexidade.

Os criterios de avaliación, en relación co dito, terán que ver co rigor teórico e historiográfico dos contidos, así como coa capacidade de expresión e síntese do alumno. No comentario do texto valorarase tamén aspectos historiográficos e analíticos, mais o maior interese ficará na análise das súas aptitudes creativas, así como na demostración da asimilación teórica e práctica dos conceptos básicos relacionados coa arte e a técnica da posta en escena.